



Concello do Porriño

## CONCURSO CARTEIS ENTROIDO 2020

A Concellería de festexos do concello do Porriño, convoca o I concurso de carteis **ENTROIDO 2020** coas seguintes bases:

### BASES

1.- Poderán participar todos os/as cidadán /as que desexen con plena liberdade de técnica sempre que non presente dificultade para seu posterior reprodución litográfica.

2.- O tema referirase o entroido, e sempre en lingua galega. Os participantes entregarán un CD onde aparecerá o cartel en formato jpg, formato A3, 300ppp (puntos por polgada) 3508x4960 píxeles, no rexistro de entrada do concello.

3.- No cartel aparecerá o seguinte texto

ENTROIDO NO PORRIÑO

Dende 22 o 26 de febreiro 2020

Concellería de festexos- concello do Porriño

4.- En cada CD aparecerá un lema, que será común para todas as obras do mesmo artista, cun máximo de 2. Este lema constará no exterior dun sobre en cuxo interior indicárase a identificación da autoría : nome, teléfono, e fotocopia DNI.

5.- As obras premiadas expóranse con motivo das festas do entroido no centro cultural municipal. Dende o 11 ata 28 de febreiro.

6.- O xurado estará presidido pola concelleira de festexos , e 3 membros relacionados con o mundo das artes. A decisión de estes, será inapelábel, ademais o concurso poderá quedar deserto, si o xurado así o estima.

7.- O prazo de presentación dos carteis é o 10 de febreiro ás 20h. O día 11 de febreiro reuniranse o xurado para fallar o resultado do concurso.

9.- O premio consistirá nunha contía en metálico de

600 euros primeiro premio

E un accésit de 500 euros.

Do importe dos premios farase a perceptiva retención do IRPF. O cartel gañador quedará en propiedade do concello do Porriño que terá todos os dereitos e explotación do mesmo.

10.- A participación neste concurso supón a aceptación total destas bases. Calquera aspecto non contemplado nas presentes bases, será resolto polo xurado.



Concello do Porriño

11.- De acordo coa lei orgánica 3/2018 de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslles que o responsable do tratamento e xestión da súa participación no presente concurso é o concello do Porriño. A finalidade do tratamento é xestionar a súa participación no presente concurso.

A lexislación para o tratamento dos datos persoais e o consentimento do interesado en inscribirse, aceptar a política de privacidade e as bases do concurso. Os datos persoais que se solicitan non se cederán a terceiros.

**Asinado dixitalmente a marxe**